

### **A Feira do Viño.**

A **Feira do Viño** de Chantada naceu en 1983, no que se celebrou a súa primeira edición, respondendo ao espírito de cambio xurdido no sector vitivinícola do sur da provincia de Lugo. Foi inaugurado o 12 de marzo dese mesmo ano coa presenza de varias autoridades. Asisten ao evento o chantadino Carlos Gilberto Otero Díaz, daquela, ministro de Facenda da Xunta de Galiza. O encargado de ler o pregón foi o ilustre profesor e director do Museo do Pobo Galego don Antón Fraguas Fraguas. Segundo datos da época, o número de persoas que acudiron á Feira roldou os dez mil.

Despois duns primeiros anos de incerteza sobre o seu futuro, consolidouse como unha das feiras máis importantes da provincia, ata que na última metade da década dos anos noventa despegou definitivamente e converteuse na Feira do Viño máis importante de todo o noroeste peninsular. Nesta feira, o espírito das festas dos nosos devanceiros combínase de xeito tradicional coas máis modernas técnicas de produción e venda aplicables a este sector que nos últimos anos sufriu un despegue que non se viu en ningunha outra área de produción de viño.

Cada ano, o primeiro ou o segundo fin de semana do mes de marzo, expóñense, en carpas, os viños das distintas bodegas da Ribeira Sacra, como Condado de Sequeiras, Sabatellus, Vía Romana, Albarduxe etc. Os asistentes á Feira probarán e valorarán os viños e o domingo tras ler o pregón, o gañador do premio ao mellor viño, recibe o seu premio.

Na celebración hai instaladas carpas, nas cales podemos atopar pulpeiros. Durante os tres días da festa, tamén podemos gozar da música das distintas bandas e orquestras.

**Sheila Diéguez Pérez.**



# FOTOS:

